

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE LUGO**

ANUNCIO relativo á convocatoria, importe total e bases xerais das subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para actividades e equipamento.

Por medio deste anuncio faise público que a tenenta de alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, mediante os decretos da Alcaldía número 26/2011 do libro de resolucións en materia de contratación-fomento do día once de abril,

RESOLVEU:

Primero. Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2011 de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial, e para o mantemento de equipamentos, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

Segundo. Aprobar o gasto de 295.020 € a que ascende o importe total das subvencións que serán outorgados por parte dos servizos e con cargo ás partidas e importes seguintes:

Servizo	Partida	Importe
Servizos sociais	23290.48900	24.400 €
Muller	23400.48900	3.000 €
Xuventude	33100.48900	6.750 €
Deportes	34100.48900	131.200 €
Participación cidadá	92400.48900	105.170 €
Cultura	33000.48900	24.500 €
Total		295.020 €

Terceiro. Esta convocatoria rexerá polo establecido nas seguintes bases para a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para mantemento de equipamentos para o exercicio 2011.

Posteriormente, por Decreto de Alcaldía número 173/11 do libro de resolucións en materia de contratación fomento do día doce de xullo de dous mil once,

RESOLVEU:

Primeiro. Modificación das bases xerais polas que se regula a concesión de subvencións a asociación e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial e para o mantemento de equipamentos correspondente ao exercicio 2011.

– As solicitudes dos/as interesados/as presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de corenta e cinco días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que coiden oportunas, no prazo de corenta e cinco días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no *Diario Oficial de Galicia*. O seu texto íntegro publicouse no *Boletín Oficial* da provincia n.º 93, do día 23 de abril de 2011, e as bases modificadas (que serán as que rexerán nesta convocatoria) no *Boletín Oficial* da provincia n.º 163, do día 18 de xullo de 2011, así como no taboleiro de anuncios e na paxina web do Concello de Lugo, ben que a publicación no DOG será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes.

Lugo, 18 de xullo de 2011.

P.D. (Decreto da alcaldía 60/2011, do 23 de xuño)
Francisco José Fraga López
Tenente de alcalde delegado da Área de Servizos Xerais